

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Organismo: SECRETARÍA XERAL

SUMARIO:

Resolución do 28 de maio de 2008 da Secretaría Xeral, pola que se nomean os tribunais que deberán xulga-las probas do proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, así como a adquisición de novas especialidades, convocado pola Orde do 9 de abril de 2008 (DOG do 16).

TEXTO:

En cumprimento do sinalado na Orde do 9 de abril de 2008 (DOG do 16) pola que se convoca proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, esta secretaría xeral, resolve:

1º.- Nomea-los tribunais que figuran no anexo I, ante os que deberán actua-los aspirantes admitidos á realización das probas do proceso selectivo.

Os tribunais constituiranse dentro do prazo de 15 días naturais, contados desde o seguinte ó da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, e darán conta de forma inmediata da súa constitución á secretaría xeral.

Os presidentes tomarán as medidas necesarias para a constitución dos tribunais no prazo indicado.

2º.-Nomear os presidentes das comisións de selección que figuran no anexo II.

As comisións constituiranse no prazo de corenta e oito horas desde que se constitúan os tribunais.

3º.- No DOG publicaranse as resolucións dos presidentes dos tribunais, polas que se citan ós opositores para a realización da primeira parte da proba prevista na base novena da convocatoria. Non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios de celebración das restantes partes da proba no Diario Oficial de Galicia. Non obstante, estes anuncios deberán facerse públicos polo tribunal nos locais nos que se celebraron as probas anteriores, con 24 horas como mínimo de antelación.

4º.- De conformidade co resultado do sorteo celebrado en data 29 de xaneiro de 2008 na consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, a orde de actuación dos opositores iniciarase alfabeticamente polo primeiro da letra "V" ou polos inmediatamente seguintes, no caso dos tribunais que non teñan aspirantes con primeiro apelido que empece por esa letra.

5º.- Cando se dea o caso de imposibilidade material para poder efectuar nun só local e a unha

mesma hora algunha das probas simultáneas deste proceso selectivo, debido ó elevado número de aspirantes que deban actuar, poderán efectuarse por grupos en locais distintos, se ben deberán celebrarse á mesma hora e día sinalados ó efecto.

6º.- Quedan autorizadas as comisións de servicios dos membros dos tribunais que necesiten desprazarse da súa residencia oficial para o exercicio de tal función, tendo dereito a percibir axudas de custo e gastos de viaxes de acordo coa lexislación vixente. Os medios de locomoción utilizables serán calquera dos previstos no Decreto 144/2001 de 7 de xuño, debendo entenderse que queda expresamente autorizada a utilización de vehículos propios, de acordo co citado Decreto.

O que comunico a para o seu coñecemento e efectos.

Santiago de Compostela, 28 de maio 2008
Benito Fernández Rodríguez
Secretario Xeral